

# PINTAR O ESPAZO, PENSANDO O LUGAR

TALLER DE ARTISTA IMPARTIDO POR  
ALMUDENA FERNÁNDEZ FARIÑA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Do 20 ao 24 de novembro de 2023

SESIÓN ABERTA AO PÚBLICO NO AUDITORIO DO CGAC:  
luns 20 ás 19:00 h

SESIÓNS DO TALLER (SÓ PARA PERSOAS REXISTRADAS):  
martes 21 - venres 24, de 16:30 a 20:30 h

A relación co lugar resulta fundamental nas formulacións artísticas e intelectuais de Almudena Fernández Fariña. Os seus proxectos *site-specific* teñen en conta o conxunto de aspectos topográficos, formais, simbólicos, históricos, económicos, políticos, sociais ou institucionais que definen os espazos sobre os que intervén.

A artista redefine os conceptos sobre o pictórico no espazo tridimensional, desafiando as convencións e interrogándose sobre as posibilidades da pintura. Con todo, aínda repetida, desbordada ou descontextualizada, a pintura non deixa de ser pintura.

Almudena Fernández Fariña propón neste taller unha reflexión sobre a integración e diálogo da obra con cada lugar, sabendo diferenciar, recoñecer e valorar a singularidade dos espazos. A primeira sesión consistirá nunha charla aberta ao público na que a artista fará un percorrido desde as primeiras manifestacións artísticas ata a actualidade, con exemplos de artistas que transgrediron os límites do soporte que convencionalmente acolle a representación pictórica —o cadro— para descubrir novas relacións espaciais que adoptan, como novo marco, o muro.

Tras esta sesión, as persoas que participen no taller desenvolverán un proxecto de intervención de debuxo/pintura *site-specific* para os espazos do CGAC ou para outro espazo proposto por elas mesmas. Un proxecto “non materializable” que se desenvolverá con bosquexos, maquetas, traballo sobre planos, abatements, debuxos, fotografías, situacións dixitais e a documentación gráfica necesaria para visualizalo con claridade.

ALMUDENA FERNÁNDEZ FARIÑA (Vigo, Pontevedra, 1970) é artista, doutora en Belas Artes e, desde 2000, docente na Facultade de Belas Artes de Pontevedra (Universidade de Vigo). A súa formación pasa pola Facultade de Belas Artes de Pontevedra (1990-1995), a School of Art and Design de Limerick (1994), a École de Beaux Arts de Le Mans (1996-1997) e a Facultade de Belas Artes da Universidade de Salamanca (1997-1998).

A súa traxectoria artística comeza a mediados dos anos noventa. Desde entón participou en exposicións monográficas en diversas galerías (SCQ, Santiago de Compostela; VGO, Vigo; Arte Periférica, Lisboa; Astarté, Madrid) e institucións (Centro Torrente Ballester, Ferrol; Espaço T, O Porto e o CGAC).



Almudena Fernández Fariña: Arcos y simetrías, Fundación Barrié, A Coruña, 2014

La relación con el lugar resulta fundamental en las formulaciones artísticas e intelectuales de Almudena Fernández Fariña. Sus proyectos *site-specific* tienen en cuenta el conjunto de aspectos topográficos, formales, simbólicos, históricos económicos políticos, sociales o institucionales que definen los espacios sobre los que interviene.

La artista redefine los conceptos sobre lo pictórico en el espacio tridimensional, desafiando las convenciones e interrogándose sobre las posibilidades de la pintura. Sin embargo, aun repetida, desbordada o descontextualizada, la pintura no deja de ser pintura.

Almudena Fernández Fariña plantea en este taller una reflexión sobre la integración y diálogo de la obra con cada lugar, sabiendo diferenciar, reconocer y valorar la singularidad de los espacios. La primera sesión consistirá en una charla abierta al público en la que la artista hará un recorrido desde las primeras manifestaciones artísticas hasta la actualidad, con ejemplos de artistas que transgredieron los límites del soporte que convencionalmente acoge la representación pictórica —el cuadro— para descubrir nuevas relaciones espaciales que adoptan, como nuevo marco, el muro.

Tras esta sesión, las personas que participen en el taller desarrollarán un proyecto de intervención de dibujo/pintura *site-specific* para los espacios del CGAC o para otro espacio propuesto por ellas mismas. Un proyecto “no materializable” que se desarrollará con bocetos, maquetas, trabajo sobre planos, abatimientos, dibujos, fotografías, situaciones digitales y la documentación gráfica necesaria para visualizarlo con claridad.

ALMUDENA FERNÁNDEZ FARIÑA (Vigo, Pontevedra, 1970) es artista, doctora en Bellas Artes y, desde 2000, docente en la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra (Universidad de Vigo). Su formación pasa por la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra (1990-1995), la School of Art and Design de Limerick (1994), la École de Beaux Arts de Le Mans (1996-1997) y la Facultad de Bellas Artes de la Universidad de Salamanca (1997-1998).

Su trayectoria artística comienza la mediados de los años noventa. Desde entonces ha participado en exposiciones monográficas en diversas galerías (SCQ, Santiago de Compostela; VGO, Vigo; Arte Periférica, Lisboa; Astarté, Madrid) e instituciones (Centro Torrente Ballester, Ferrol; Espaço T, Oporto y el CGAC).

O seu traballo foi recoñecido con numerosos premios e bolsas entre os que destacan: o Premio de Pintura Francisco de Goya Villa de Madrid (1996), o Premio de Pintura L'Oreal (2000), a bolsa do certame Novos Valores (1994), a bolsa Fundación Caixa Galicia para cursar estudos de máster no estranxeiro (1996) ou a bolsa da Fundación Pollock-Krasner (2001).

Desde 2002, a súa obra comeza a explorar o espazo máis aló do cadro, presentando proxectos específicos en centros de arte e institucións como o museo Marco de Vigo, o Museo de Pontevedra, a Fundación Barrié da Coruña ou o CGAC, entre outros.

En paralelo á súa actividade artística, desenvolve un intenso labor de investigación teórica no ámbito da pintura contemporánea. O ensaio titulado *Lo que la pintura no es* (2011) recibiu o Premio Extraordinario de Tese da Universidade de Vigo (2008-2009), e o Premio Provincial á Mocidade da Deputación Provincial de Pontevedra na categoría de Investigación (2009). Entre as súas publicacións máis recoñecidas cabe destacar *Pintura site*, editada por Dardo en 2014. Unha selección dos seus textos e artigos pódese atopar en liña nos portais Academia.edu e Researchgate.net.

A súa obra forma parte da colección do MAC de Madrid, do Museo de Pontevedra, do Consello de Contas de Galicia, da Fundación Caixa Madrid, da Deputación da Coruña, da Colección L'Oreal, da Colección MICA ou da Colección CGAC.

Su trabajo ha sido reconocido con numerosos premios y becas entre los que destacan: el Premio de Pintura Francisco de Goya Villa de Madrid (1996), el Premio de Pintura L'Oreal (2000), la beca del certamen Novos Valores (1994), la beca Fundación Caixa Galicia para cursar estudios de máster en el extranjero (1996) o la beca de la Fundación Pollock-Krasner (2001).

Desde 2002 su obra comienza a explorar el espacio más allá del cuadro, presentando proyectos específicos en centros de arte e institucións como el museo Marco de Vigo, el Museo de Pontevedra, la Fundación Barrié de A Coruña o el CGAC, entre otros.

En paralelo a su actividad artística, desarrolla una intensa labor de investigación teórica en el ámbito de la pintura contemporánea. El ensayo titulado *Lo que la pintura no es* (2011) recibió el Premio Extraordinario de Tesis de la Universidad de Vigo (2008-2009), y el Premio Provincial a la Juventud de la Diputación Provincial de Pontevedra en la categoría de Investigación (2009). Entre sus publicaciones más reconocidas cabe destacar *Pintura site*, editada por Dardo en 2014. Una selección de sus textos y artículos se puede encontrar en línea en los portales Academia.edu y Researchgate.net.

Su obra forma parte de la colección del MAC de Madrid, el Museo de Pontevedra, el Consejo de Cuentas de Galicia, la Fundación Caja Madrid; la Diputación de A Coruña, la Colección L'Oreal, la Colección MICA o la Colección CGAC.

**PERSOAS DESTINATARIAS:** O taller está dirixido a artistas, a estudantes de Belas Artes e disciplinas afíns, ao profesorado de educación artística e, en xeral, a calquera persoa adulta interesada na arte contemporánea.

**PRAZAS:** 12

**MATRÍCULA:** 20 €

**INSCRIPCIÓN:** A asistencia á charla aberta do luns 20 de novembro no auditorio é libre e de balde. Non se require inscrición previa.

O prazo de inscrición para participar no taller estará aberto do 21 de outubro ao 7 de novembro. As persoas interesadas poderán inscribirse enviando a [cgac.pedagogia@xunta.gal](mailto:cgac.pedagogia@xunta.gal) unha mensaxe electrónica cos seguintes datos: nome e apelidos, DNI, área de traballo ou interese, enderezo de correo electrónico e teléfono de contacto. Ademais, as solicitudes deberán ir acompañadas dun escrito de motivación e dun breve currículo da persoa aspirante. Unha vez aceptada a solicitude, as persoas rexistradas recibirán as indicacións precisas para facer efectiva a matrícula.

**CERTIFICACIÓN:** o CGAC entregará un certificado a todas aquelas persoas que asistan, como mínimo, ao 75 % das sesións.

**PERSONAS DESTINATARIAS:** El taller está dirigido a artistas, a estudantes de Bellas Artes y disciplinas afines, al profesorado de educación artística y, en general, a cualquier persona adulta interesada en el arte contemporáneo.

**PLAZAS:** 12

**MATRÍCULA:** 20 €

**INSCRIPCIÓN:** La asistencia a la charla abierta del lunes 20 de noviembre en el auditorio es libre y gratuita. No se requiere inscripción previa.

El plazo de inscripción para participar en el taller estará abierto del 21 de octubre y al 7 de noviembre. Las personas interesadas podrán inscribirse enviando a [cgac.pedagogia@xunta.gal](mailto:cgac.pedagogia@xunta.gal) un correo electrónico con los siguientes datos: nombre y apellidos, DNI, área de trabajo o interés, dirección de correo electrónico y teléfono de contacto. Además, las solicitudes deberán ir acompañadas de un escrito de motivación y un breve currículo de la persona aspirante. Una vez aceptada la solicitud, las personas inscritas recibirán las indicaciones precisas para hacer efectiva la matrícula.

**CERTIFICACIÓN:** El CGAC entregará un certificado a todas aquellas personas que asistan, como mínimo, al 75 % de las sesiones.